



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 22 DE XULLO DE 2016**

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:30 horas do día 22 de xullo de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 20-07-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

**Vocais:**

Dna. Margarita Parajó Calvo  
D. Alberto Escariz Couso  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. Oscar Couce (asiste o punto 1.a)  
D. Benjamin Collazo Rodríguez (asiste os puntos 2.a e 3.a)  
Dna. M<sup>a</sup> José Loureiro Bada

**Secretaria:** Dna Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. Presidente, se procede a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Apertura de documentación económica (ACTO PÚBLICO)**

- a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento dos espazos da nova aula da Universidade de Educación a Distancia (UNED) no edificio Auditorio-Pazo de Congressos, na avda. de Beiramar, en Vigo (19846-240)

En acto público, procedese a apertura do sobre C "Criterios avaliábles mediante fórmula do procedemento de referencia, co seguinte resultado:

Empresas licitadoras	Prezo	MELLORAS					TOTAL MELLORA S
		C/IVE	M_1	M_2	M_3	M_4	
ABAL CONTRUCCIONES	485.473,63 €	S	S	S	S	S	66.327,36 €
UTE ACEVI-GPD	507.354,22 €	S	S	S	S	S	66.327,36 €



CONSTRUCCIONES CASTRO	478.200,00 €	S	S	S	S	S	66.327,36 €
CIVISGLOBAL	497.999,70 €	S	S	S	S	S	66.327,36 €
COPCISA SA	457.980,00 €	S	S	S	S	S	66.327,36 €
OGMIOS	480.975,00 €	N	S	N	N	S	36.767,51 €
ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	465.850,00 €	N	N	S	S	S	39.293,36 €
OREGA	469.980,00 €	S	S	S	S	S	66.327,36 €
PLAINTEC	518.969,00 €	S	S	S	S	S	66.327,36 €
RAMIREZ	437.400,00 €	S	S	S	S	S	66.327,36 €
UTE PRACE COPSESA	507.600,00 €	S	S	S	S	S	66.327,36 €

Asisten o acto:

- Roberto Pardo Díz, en representación de PLAINTEC.
- Manuel Alonso Porto, en representación da Federación de empresarios da construción da provincia de Pontevedra.

Tras a apertura económica, á vista das ofertas presúmese que algunha delas pode conter valores anormais ou desproporcionados. En consecuencia, acordase, por unanimidade dos asistentes a esta sesión da Mesa, suspender a mesma durante 1 hora, e solicítaselle ao responsable do contrato, a elaboración dun informe de valoración das ofertas económicas.

Suspendese a sesión as 10.00 horas.

Reanudase a sesión as 11.00 horas.

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario entrega aos presentes un informe de valoración do sobre C. Do mesmo resulta que conteñen valores anormais ou desproporcionados as ofertas das seguintes mercantís:

- CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
- COPCISA, S.A.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
- CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP, e solicitar as citadas empresas, a xustificación das súas ofertas. Acordase concederlle un prazo de tres días para presentar as alegacións e a documentación que consideren oportuna para xustificar a valoración da oferta e precisen as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

A citada documentación deberá presentarse no Rexistro Xeneral do Concello De Vigo, finalizando o prazo o día 27 de xullo as 13.30 horas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 20:01	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4C-52D5A6-EA47AF-4FYQZP-L435LH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### 2.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo (expediente 5896-252) (Informe sobre C)**

Entregase o informe do xefe do servizo de Limpeza, de data 20 de xullo de 2016, de valoración do "SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA". A Mesa, por unanimidade, acorda aceptar o citado informe.

A Secretaria pon en coñecemento da Mesa de Contratación que en data 18 de xullo de 2016, requiríuse á empresa EQUIPOS Y SERVICIOS DEL NOROESTE, S.L., a presentación do orzamento desglosado do servizo esixido no apartado 7.B da FEC, conforme ó previsto na cláusula 13.5.C do PCAP, tal e como acordara esta Mesa en data 13 de xullo de 2016.

Dado que o licitador aceptou o correo electrónico como medio de notificación na declaración responsable axuntada no sobre A da súa oferta, o citado requirimento efectuóuselle por este medio. Consta no expediente, tanto a copia do requirimento como unha mensaxe do servidor de correo do Concello indicando a data na que dito correo electrónico foi lido polo seu destinatario.

Á Mesa, por unanimidade dos membros asistentes á presente sesión, a vista do disposto na cláusula 14.5 en relación coas cláusulas 14.2 e 13.5.C do PCAP, acorda "Excluír do procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo (expediente 5896-252) á EQUIPOS Y SERVICIOS DEL NOROESTE, S.L., por non ter axuntado ó sobre C o orzamento desglosado do servizo nin achegalo a requirimento da Mesa de Contratación, no prazo concedido ao efecto".

b) **Procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de educación permanente de adultos (expediente 17747-332)(Informe sobre C)**

Entregase o informe do técnico do servizo de Educación, de data 18 de xullo de 2016, de valoración do "SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA". A Mesa, por unanimidade, acorda aceptar o citado informe.

### 3.- Proposta de clasificación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 20:01	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4C-52D5A6-EA47AF-4FYQZP-L435LH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo (5896-252)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da non admisión neste procedemento da empresa MANTECER, S.L., acordada na sesión de data 22 de xuño de 2016, por non anunciar ao Rexistro xeral do Concello de Vigo a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, tal e como esixe a cláusula 12.6 do PCAP en relación co disposto no artigo 80.4 do RLCAP.

Segundo.- Dar conta ó órgano de contratación da acordo adoptado na sesión de data 8 de xullo de 2016 de “Excluír do procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo á mercantil EcolimSistem, S.L, por conter no sobre B datos relativos á oferta económica, consonte ao establecido na cláusula 8.5.B do PCAP en relación co disposto no artigo 145.2 do TRLCSP, que determina que as proposicións serán secretas. No “Programa de mantemento preventivo e de conservación” propón no plan de organización e funcionamento os protocolos de intervención para mantemento correctivo nas avarías urxentes e non urxentes. En concreto na páxina 4 deste documento, atópase referencia explícita ao prazo que o licitador propón para as devanditas intervencións, sendo este un criterio de adxudicación avaliable mediante fórmula previsto no apartado 8.B.3 da FEC do PCAP”.

Terceiro.- Dar conta ó órgano de contratación da acordo adoptado na sesión de data 22 de xullo de 2016 de “Excluír do procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo (expediente 5896-252) á EQUIPOS Y SERVICIOS DEL NOROESTE, S.L., por non ter axuntado ó sobre C o orzamento desglosado do servizo nin achegalo a requirimento da Mesa de Contratación, no prazo concedido ao efecto”.

Cuarto.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo” no seguinte orde decrecente:

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	FORMATO VERDE, S.L.	<b>48,66</b>
2	CONTENUR, S.L.	<b>19,69</b>

Quinto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, FORMATO VERDE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):





## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Sexto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.023,76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) **Procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de educación permanente de adultos (expediente 17747-332)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	MULLERES PROGRESISTAS	96,5 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, MULLERES PROGRESISTAS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 20:01	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4C-52D5A6-EA47AF-4FYQZP-L435LH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 11:40 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Dna. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 20:01	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4C-52D5A6-EA47AF-4FYQZP-L435LH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		